



Estimadas familias,

Con esta circular, queremos informarvos da nosa fonda preocupación pola nova lei educativa, a LOMLOE, máis coñecida como Lei Celaá, que se está a debater actualmente no Parlamento, en plena pandemia da COVID-19, cando as preocupación das familias e de toda a sociedade son outras moi distintas.

No canto de aprazar os debates da Lei a outro período máis oportuno, o Goberno preferiu aproveitar para celebrar a súa nova Lei, sen debate e sen consenso e introducir cambios de gran calado no seu articulado que dotan as administración de facultades cada vez máis amplas, desprazando a responsabilidade das familias como primeiras educadoras dos seus fillos.

De feito, a LOMLOE elimina a demanda social e permite distribuír o alumnado por centros, reducindo significativamente a capacidade de elección das familias do colexio que queren para os seus fillos, sendo este un dereito avalado pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Ademais, esta lei devalúa o ensino da materia de Relixión na escola e pon en dúbida a supervivencia dos centros de educación especial, entre outros preocupantes aspectos.

A LOMLOE afecta a máis de 260.000 profesionais, docentes e non-docentes, que ven perigar a continuidade dos seus postos de traballo; aos 4 millóns de familias ás que se lles limita o dereito a elixiren o tipo de educación que mellor se adecúa ás necesidades dos seus fillos e ao proxecto educativo co que se identifican; a máis de 3 millóns de alumnos e alumnas, que elixen voluntariamente cursar a a materia de Relixión en centros públicos e privados; todo isto englobado en máis de 9.300 centros da rede concertada e privada que ven perigar a súa continuidade e función social.

En definitiva, a LOMLOE afecta ao noso colexio, aos noso profesorado, ás nosas familias e ao noso alumnado, aféctavos a vós, directamente, aféctanos a todos e a todas.

Por iso vos pedimos que vos sumedes á campaña que leva por título: **“Máis plurais, máis libres, máis iguais. Cara a unha escola realmente inclusiva, con todos e para todos”**, á que podedes acceder na páxina web [www.masplurales.es](http://www.masplurales.es). Nela propóñense unha serie de iniciativas, como unha recollida de sinaturas contra a Lei Celaá e a prol da convivencia dos diferentes modelos educativos e dos dereitos recoñecidos na nosa Constitución.

No noso colexio e seguindo o modelo de masplurales, decidimos sumarnos ás seguintes iniciativas propostas desde Escolas Católicas:

- Asinar o manifesto que se encontra na páxina [www.masplurales.es](http://www.masplurales.es)
- Difundir o kit da campaña nas páxinas web, redes...(cartelería, vídeo, lazos...)
- Animar a comunidade educativa a colocar dito lazo de forma visible e a difundir os lemas, slogans, carteis o máximo posible entre a sociedade.





colegio  
**PADRES  
ESCOLAPIOS**  
MONFORTE

Campo de la Compañía, 50  
27400 Monforte de Lemos. Lugo  
Tel.: 982400450, Fax: 982410003  
[www.escolapiosmonforte.es](http://www.escolapiosmonforte.es)  
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



Porque a todos -familias, centros, docentes e alumnado- nos une o mesmo obxectivo: un sistema educativo de calidade que contribúa a unha sociedade mellor, convidámoste a colaborar nesta campaña.

